

CONSELLO TERRITORIAL DE CASTRO

Data: 23 de outubro de 2023

Lugar: Local Social do Paraxe

Hora de comezo: 18:00 h

Hora de remate: 19:30 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro López (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Manuel Antonio Ramos Rodríguez (Concelleiro de Servizos, Medio ambiente e Sanidade)
- Olaia Margarita Ledo Díaz (Bloque Nacionalista Galego)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Tania Novo Mouriz (Partido Popular)
- Juan M. Varela Antelo (AVV Os Cruceiros de Castro)
- Enrique Montero Embade (AVV Os Cruceiros de Castro)
- Amalio León (AVV Os Cruceiros de Castro)

Xunto con Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido dos Consellos territoriais e o dereito de intervención segundo o Regulamento de Participación Cidadá, que pode ser consultado [neste enlace](#).

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1.Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que seleccionen as tres cuestións prioritarias para a veciñanza de Doso, para poder falar delas con máis calidade. A continuación, abrimos outro espazo para seguir compartindo as necesidades.

2. Compártense, por medio dunha rolda, **novas necesidades/propostas**, ás que na medida do posible se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folla de seguimento.

3. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiras/os da Corporación.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Comezamos a sesión dedicando o primeiro espazo que as persoas asistentes revisen o listado de temas de anteriores Consellos territoriais para poder seleccionar os que teñen maior prioridade. Durante esta sesión intercaláronse temas pendentes e novos temas que separaremos nesta acta:

Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT:

- Seguridade viaria:
 - Paso de peóns: A veciñanza destaca a necesidade de incorporar un paso de peóns na Estrada da Xunta. Dende o Concello infórmase de que se mandou un escrito á Xunta de Galicia e que a resposta foi negativa. Manuel Ramos e Olga Ameneiro quedan pendentes de revisar esta última resposta, consultar as paradas escolares e volver a solicitar esta cuestión.
 - Perigo nas obras A Grande: A veciñanza informa de que hai unha zona nas obras de A Grande moi perigosa que precisa de intervención inmediata, e que xa presentaron escritos ao Concello. Manuel Ramos informa de que é un proxecto finalizado, polo que a obra está rematada, mais que buscarán unha solución o máis inmediata posible.
 - Destácase a necesidade de intervir na Estrada de Santa Margarida e Castro, que é competencia da Deputación. Dende o Concello insistirán á Deputación para que asuma o mantemento que precisa e se fará seguimento. En caso de que esta problemática continúe se valoraría a opción de solicitar competencias.
 - Baldosas en Lugar Nelle: Infórmase tamén da necesidade de reparar as baldosas da estrada de diante do local do Paraxe, en lugar Nelle. Olga Ameneiro informa de que avisará á Policía para que realicen un informe actualizado.
- Local da Chousa:
 - A veciñanza informa que quedan arranxos por levar a cabo, como reparar o falso teito e favorecer a accesibilidade.
- Pavillón:
 - A asociación veciñal destaca os problemas de accesibilidade que hai no pavillón. Olga Ameneiro di que o revisarán.
- Cementeira: Dende a asociación veciñal comparten o desgusto de ver que o Concello aproba un proxecto que consideran prexudicial para a veciñanza de

Castro. Dende o Concello remiten que xa se fixo a valoración no seu día e non está na axenda.

Outros temas e necesidades abordadas no Consello territorial:

- Pago catastro:
 - Debido á ampliación Polígono Río do Pozo o terreo pasou de ser chan rústico a urbano non consolidado, polo que mudou o catastro e están recibindo recibos da contribución para o pago, incrementado debido a esta modificación. Os recibos que están a chegar son polos últimos cinco anos. Manuel Ramos comparte que podería ser modificado, mais que hai que valorar o que pode ser máis beneficioso para o Concello. Olaia Ledo, en representación do BNG, informa de que a veciñanza pode facer achegas ao Plan Xeral para pedir a modificación.
- Utilidade dos espazos:
 - Dende a asociación veciñal comparten que non atopan utilidade en implicarse e participar destes espazos, xa que non se senten escoitados. Olga Ameneiro afirma que traballarán para mudar esta situación e dar resposta ás necesidades da veciñanza.
- Canalización da auga:
 - Dende a asociación veciñal trasladan o seu desacordo coa forma de realizar a canalización, que parece que se complicou a obra e agora implica unha serie de gastos e enerxía que consideran innecesaria. Manuel Ramos informa de que iso foi estudado e que o realizaron segundo o que atoparon máis conveniente.
- Información:
 - Olga Ameneiro reflexiona sobre a necesidade de información que hai para poder chegar a entendementos e comprender o estado ou as dificultades de cada cuestión. Compártese a folla cos novos contactos e horarios de atención das distintas concellarías e Olga Ameneiro comprométese a dar sempre resposta.
- Transporte escolar:
 - A veciñanza informa da mala xestión por parte da empresa que leva o servizo de transporte escolar. Olga Ameneiro comparte que está traballando activamente por atopar unha solución e que tivo algunha reunión na que lle negaban a súa capacidade de acción no ámbito, na que informaban de que eran os centros que tiñan que intermediar. Afirma que seguirá traballando e buscando a unión de centros, ANPAS, asociacións veciñais etc. para poder atopar unha solución. Olaia Ledo informa tamén do labor da Plataforma polo Transporte Público da comarca.

- Olaia Ledo, en representación do BNG, sinala que se fixo un estudo de necesidades dos colexios no transporte e informa do interese por coñecer máis sobre a información recompilada para poder facer incidencia sobre estas cuestións na Deputación.
- Información e participación veciñal
 - Dende a veciñanza, infórmase das problemáticas derivadas das obras realizadas. Destácase a necesidade de establecer contacto coas entidades á hora de promover calquera proxecto, co obxectivo de recompilar información útil, adecuar as accións ás necesidades da veciñanza e previr problemas. Transversalizar a participación a outras áreas, principalmente a Obras e Servizos.

PECHE

Péchase a sesión con Olga Ameneiro agradecendo a asistencia e participación das concelleiras e veciños, afirmando a súa vontade de traballar polas necesidades da veciñanza e recordando o seu contacto e horario de atención.

En Castro, a 23 de outubro de 2023.

A Secretaría